

25 de novembro

Día Internacional para a eliminación
da violencia contra as mulleres

Secretaría Confederal da Muller
Confederación Intersindical Galega

Alfonso Molina s/n, 8ª planta Edificio sindical
15008 A Coruña
Teléfonos: 981 16 92 93 - 981 900 633
Fax: 981 151 539

Correos:
muller.mocidade@galizacig.net
tecnica.igualdade@galizacig.net



25 de novembro
Día Internacional para a eliminación
da violencia contra as mulleres

**Dez pasos para facermos
fronte á violencia sexista**



Dez pasos para facermos fronte á violencia sexista desde a CIG

DESDE a Secretaría Confederal da Muller da CIG ante un novo 25 de novembro, reiteramos o noso compromiso na loita contra a violencia de xénero, e facémolo a través da formulación dunha denuncia pública das distintas formas de violencia que seguimos a sufrir as mulleres en todos os ámbitos, visibilizando a achega invisíbel do traballo reprodutivo e produtivo das mulleres, sustento en gran medida do sistema de benestar, que periga por mor dos recortes orzamentarios derivados das medidas neoliberais levadas a cabo polo sistema capitalista. Por iso, desde a CIG propoñemos os seguintes pasos para facer fronte á violencia sexista:

1 Denunciar todo tipo de discriminación contra as mulleres.

Visualizar e denunciar a división sexual do traballo e a explotación da dobre xornada, a feminización da pobreza, a persecución da maternidade no traballo e todas as formas de violencia contra a muller, realizando campañas de sensibilización e condena da violencia machista.

2 Dar a coñecer os dereitos laborais e sociais das vítimas da violencia machista. En materia de redución de xornada, reordenación do tempo de traballo,

movilidade xeográfica, suspensión da relación laboral con reserva de posto, extinción do contrato con dereito á prestación por desemprego, excedencia.

3 Garantir a aplicación de plans de igualdade e protocolos de acoso efectivos nos lugares de traballo

Realizar informes de diagnose axeitados á realidade da empresa, participativos e consensuados, así como mecanismos de seguimento, avaliación e sanción, en caso de incumprimento, asignando unha dotación orzamentaria que garante a implementación do plan.

Posta en marcha de protocolos de prevención e actuación ante o acoso sexual e por razón de sexo, que inclúan o réxime disciplinario, aprobados e consensuados, garantindo a protección das mulleres agredidas.

4 Garantir unha rede pública de servizos sociais integrais.

Aumento do gasto social, garantir a formación do persoal que atenda ás vítimas de violencia desde unha perspectiva de xénero, garantindo a atención e protección ás mulleres e crianzas que sufran a violencia machista, coa cobertura e o acceso inmediato á teleasistencia móbil, centros de atención ás mulleres, casas de acollida, pisos tutelados, etc.

5 Implantación dun modelo coeducativo en todas as etapas.

Asentar as bases para rematar con todo tipo de violencia, implementando unha linguaxe non sexista, eliminando estereotipos e imaxes sexistas dos libros de textos e no material, instaurando relacións igualitarias, xustas e de diálogo entre o alumnado, evitando a segregación profesional en función do sexo.

6 Garantir o dereito á sexualidade, e a interromper o embarazo na rede pública de saúde.

Garantir a aquelas mulleres que decidan interromper o seu embarazo, que o poidan facer na rede pública de saúde, coas máximas garantías para a súa saúde física e afectiva, así como a dispensación da pílula do día seguinte e dos métodos anticonceptivos.

7 Impulso da corresponsabilidade nas tarefas do coidado e no fogar e garantir a conciliación.

Recoñecer e difundir o aporte social e económico realizado polas mulleres nos fogares (conta satélite), impulsando cambios na cultura organizacional e do traballo que garanten o equilibrio entre a vida laboral, familiar e persoal (garderías nas empresas ou polígonos industriais, servizos de canguro, flexibilidade horaria, traballo no fogar, etc.), garantindo unha oferta pública de

prazas acaída á demanda de servizos tales como comedores e almorzos escolares, escolas infantís, centros de día, servizo de axuda no fogar, etc.

8 Recoñecer e garantir os dereitos das mulleres inmigrantes.

Igualdade de dereitos e na prevención e protección ante a violencia sexista, así como o recoñecemento e visibilización do seu papel no traballo non retribuído.

9 Visualización da problemática específica en materia de saúde laboral das mulleres.

Recoñecemento das mulleres vítimas de violencia como traballadoras especialmente sensíbeis a un risco por razón de xénero (aplicación do artigo 25 da Lei de Prevención de Riscos Laborais), incluíndo o factor psicosocial nas avaliacións do risco e garantindo a protección da maternidade no traballo.

10 Integrar a exigencia da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na negociación colectiva.

Asegurar que a negociación colectiva sexa unha ferramenta útil e eficaz para dignificar as condicións de traballo das mulleres, acadar a igualdade de oportunidades e rematar coas discriminacións, garantir a participación das mulleres e dos seus intereses na negociación.

25 de novembro: Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres